

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1468, abril, 22. Lugo

1183

Rodrigo Afonso e a súa muller, executores do testamento de Rui Domínguez, (inclúe o testamento: 1463-I-8 Lugo, CD nº 1151) mándanlle ó Cabido de Lugo unha casa en Burgo Novo para un aniversario.

MADRID, AHN, Cód. 419 B, f. 36 v.- 37 r.

Ano do nasçemento de noso señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et sesenta et oyto anos, dia esta feyra, vinte et dous dias do mes de abril.

En a ciudade de Lugo en a iglesia cathedral dese lugar dentro en a Capella de San Bertolameu seendo ende juntados por son de campaa tangida as persoas et coengos da dita iglesia, que a iuso seeran nomeados, en cabidoo, paresçeron ende personalmente Rodrigo Afonso, pedreyro, vesino et morador da dita çudade, et Ighes Afonso, sua muller, yrmaa que foy de Ruy Domingues, çapateyro defuncto, cuia alma Deus aia, et presentaron et feseron leer por min notario, a juso escripto, o testamento do dito Ruy Domingues do qual seu tenor se sigue et he tal:

segue a continuación o testamento: 1463-I-8, Lugo (CD nº 1151).

et presentado et leydo o dito testamento, segundo dito he, disso o sobredito Rodrigo Afonso que por quanto o dito Ruy Domingues mandara faser hun aniversario, en cada hun ano, en esta iglesia de Lugo por la festa de San Bertolameu, que el así como compridor que ficara do dito testamento do dito Ruy Domingues de consentimento da dita sua muller, yrmaa do dito Ruy Domingues, que estava presente, que dava et deu logo a o dito cabidoo et beneficiados del por amor de Deus et por la alma do dito Ruy Domingues a casa de Burgo Novo, que foy do dito Ruy Domingues, con seu orto para sempre por jur de herdade et porque en cada hun ano fesesse hun aniversario en a dita iglesia por la alma do dito Ruy Domingues des aquí endeante en outro dia da festa de San Bertolameu aynda que a dita casa caya et se vaa a terra, a qual dita casa esta sita et locada en esta dita çudade en a rua de Burgo Novo, sub o signo da Capella de Santiago, et esta en par con outra casa de Fernan da Bayla de huna das partes, et da outra parte esta cabo de outra casa que foy do dito Ruy Domingues et topa en a rua publica, et do outro cabo topa de testa en o dito seu orto. Et que pedia et pedeu a Ruy Lopes, liçenciado, juys da dita iglesia, provisor et vigario general da dita iglesia et obispado de Lugo, que siya presente, que consentisse en a dita donaçon et interposesse a ello sua auctoridade, et interposo a ello sua auctoridade et decreto et mandou que valuesse para sempre. Et a dita Ighes Afonso disso que consentia et consenteu en a dita donaçon. Et as ditas persoas et canonigos do dito cabidoo así reçeberon a dita donaçon, segundo lles la feso o dito Rodrigo Afonso, et se obligaron de faser o dito aniversario en cada hun ano para sempre.

Testigos que foron presentes: Gonçalvo Peres de Carvallido, arçediano de Sarrea; Gomes Garçia de Goyoso de Deçon, arçedianos; o dito liçenciado et juys; Gonçalvo Rodrigues de Parga, thesoreyro; Tomas Vasques, Johan Ares, Diego Fernandes, Diego Vasques, Pedro Meendes, Diego Gonçalves de Fonteyta; Ruy Dias et Gomes Ares, coengos da dita iglesia de Lugo.